

NOTA INFORMATIVA **AXENDA MUNICIPAL**

Mércores 13

11.30 h

Na Casa do Concello, **ROLDA DE PRENSA** do concelleiro de Promoción Económica, Xosé Manuel Iglesias, para dar a coñecer os gañadores do concurso de novas ideas empresariais.

11.30 h.

Na Casa do Concello, o alcalde compostelán, Xosé A. Sánchez Bugallo, recibirá á presidenta da Asociación Española contra el Cáncer, Luz María Hernández.

12.00 h

Na Casa do Concello, **ROLDA DE PRENSA** do concelleiro de Transportes, Xaquín Fernández Leiceaga, para presentar a campaña de apoio ao Día sen Coches.

12.00 h

Na Casa do Concello, o alcalde compostelán, Xosé A. Sánchez Bugallo recibirá ao presidente da Real Sociedad Económica de Amigos del País de la ciudad de Santiago, Juan Bautista de La Salle.

12.30 h.

No Salón Verde da Casa do Concello, **ROLDA DE PRENSA** do concelleiro de Cultura, Néstor Rego, para presentar a actuación que a trova camagüeyana fará o xoves no Teatro Principal ás 22.00 h. O concelleiro estará acompañado por dous integrantes da trova: María Elena Porro e Guillermo Lombida Puig. Na rolda estarán tamén o director da produción, Ramón Lorenzo, de Astrakhan Producións Audiovisuais; Lidia Machado, de Musicalia; e Paula Couceiro, de Clave Records.

19.00 h.

A Cidade Interpretada

Na praza do Toural, inaugúrase a exposición A Cidade Interpretada, producida pola Concellaría de Cultura. Ademais do concelleiro de Cultura, Néstor Rego, e do comisario da exposición, Pablo Fanego, asistirá Mercedes Rosón, concelleira de Rehabilitación do Casco Histórico e de Centros Socioculturais; Manuel Olveira, director do Centro Galego de Arte Contemporánea; e Celestino García Braña, decano do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, colaboradores do proxecto.

Finalizada a inauguración farase un percorrido cos artistas polas súas obras co seguinte itinerario: Ruela das Hortas, Praza de Cervantes, Cruceiro de San Pedro e Praza da Trisca para finalizar na Alameda.

Santiago de Compostela, 12 de setembro de 2006